

RESUMEN ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 07 DE FEBREIRO DE 2014.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:

- Acta da sesión extraordinaria-urxente de 08 de novembro de 2013
- Acta da sesión extraordinaria de 15 de novembro de 2013
- Acta da sesión ordinaria de 22 de novembro de 2013
- Acta da sesión ordinaria de 13 de decembro de 2013
- Acta da sesión ordinaria de 20 de decembro de 2013
- Acta da sesión ordinaria de 10 de xaneiro de 2014
- Acta da sesión ordinaria de 17 de xaneiro de 2014

2º.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

2.1.- Acórdase a alta no SAF na modalidade de dependencia de **María Aurora Leal García**

2.2.- Acórdase a baixa no SAF de Ramiro Anronio Costa Varela.

3º.- LICENZAS.-

3.1.- Acórdase autorizar a constitución do complexo inmobiliario no Polígono 49 Parcela 527 Área B Parcela 27B na parcela nº 27 do Parque Empresarial AREA-33, no lugar de A Mera, Parcela de 1.225 m2, para proceder á división horizontal tumbada, solicitada por Carlos García González, en representación de Cristalería García S.C.

3.2.- Acordo de concesión de licenza definitiva de actividade solicitada por JOSÉ GARCÍA PICHEL, representado por Sofía García Pichel para construción de dúas sepulturas baixo terra no cemiterio de San Martín de Vilar (Silleda).

3.3.- Acordo de concesión de Licenza de Ampliación de explotación hortícola, instalación dun invernadoiro na parcela 573 da Concentración Parcelaria de Cervaña - Lamela - Silleda, Lugar de Cotiño, solicitado por Antonio Otero Montouto, en representación de Viveros Marcos Antonio S.C.

4º.- RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS.

Acórdase o recoñecemento de trienios cumpridos a traballadora municipal María Soledad Rey Asorey.

5º.- ESCRITO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE PONTEVEDRA.

Dase conta da sentenza remitida polo Xulgado do Social Nº 3 de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 443 de 03 de febreiro de 2013, (Nº de autos: conflitos colectivos 0000836/2013), sendo demandantes CIG, UGT, CCOO e CSI-CSIF e como demandado o Concello de Silleda.

6º.- ESCRITO DO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.

A vista do convenio de cooperación asinado entre o Concello de Silleda e o Consorcio en data 07 de marzo de 2013 acórdase conceder unha subvención o Consorcio Contraincendios e Salvamento da Comarca do Deza e Tabeirós-Terra de Montes por un importe equivalente ás cuotas tributarias do IVTM que ascenden a un importe total de 570,62 €.

7º.- PAGOS EXPROPIACIÓN.

Acórdase, de conformidade co previsto nos artigos 52.8, 56 e 57 da Lei de 16 de decembro de Expropiación Forzosa e 71 do Regulamento que a desenrola, a solicitude de Don Manuel Sangiao Otero de lle recoñezan 6.596,25 euros en concepto de pago de intereses pola expropiación para a realización das obras do proxecto de apertura e urbanización da Rúa 2 de Bandeira.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

8º.- INFORME SOBRE A CELEBRACIÓN DE ACTUACIÓN MUSICAL DE XEITO EXTRAORDINARIO.

Acórdase informar de conformidade co disposto no artigo 7.3 do Decreto 29/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma favorablemente a petición de Don Ricardo José Durán Rodríguez, en calidade de Director Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, pola que solicita autorización municipal para a celebración o día 8 de marzo de 2014 de 21:00 a 5:00 horas no Pabillón 1 e Pabillón de

Conexións do Recinto Feiral de Silleda para a actuación musical da orquesta Panorama debendo respectar o aforo máximo de 11.226 persoas, debendo obter para a realización da actividade a autorización da consellería competente en materia de espectáculos públicos e respectar o establecido no informe técnico emitido polo departamento de urbanismo de 7 de febreiro de 2014.

9º.- DEVOLUCIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Acórdase estimalo escrito presentado por José María Vicente Suso, actuando en representación de PRODIEL PROYECTOS DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L. e devolverlle a documentación presentada no seu do expediente CT 2013/02 (SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE PLACAS SOLARES FOTOVOLTAICAS PARA AUTOABASTECIMIENTO DO ALUMEADO EXTERIOR NO POLÍGONO EMPRESARIAL AREA 33 DE SILLEDA) quedando copia da mesma no expediente.